

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

17112 *ORDE APA/2802/2007, do 24 de setembro, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 235, do 1-10-2007.)*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE, do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e a Directiva 2001/32/CE, da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos.

A Directiva 2007/40/CE da Comisión, do 28 de xuño de 2007, modifica a Directiva 2001/32/CE, pola que se recoñecen determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, e a Directiva 2007/41/CE da Comisión, do 28 de xuño de 2007, modifica algúns anexos da Directiva 2000/29/CE, do Consello, rela-

tiva ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

De conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, mediante esta orde incorpóranse ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2007/40/CE, da Comisión, do 28 de xuño de 2007, e a Directiva 2007/41/CE, da Comisión, do 28 de xuño de 2007.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, queda modificado como segue:

Un. No anexo II, a parte B queda modificada como segue:

1. Suprímese «DK» da columna da dereita do número 0.1 da letra c).

2. Insírese tras o número 1 da letra d) o seguinte número:

Especies	Obxecto de contaminación	Zonas protexidas
2. Flavescencia dourada da vide (MLO).	Vexetais de <i>Vitis L.</i> excepto froitos e sementes.	CZ, FR (Alsacia, Champaña-Ardenas e Lorena) e IT (Basilicata).

Dous. No anexo IV, a parte B queda modificada como segue:

1. Suprímese «DK» da columna dereita do número 6.3.
2. Insírese tras o número 31 o seguinte número:

Vexetais, produtos vexetais e outros obxectos	Requisitos especiais	Zonas protexidas
32. Vexetais de <i>Vitis L.</i> , excepto froitos e sementes.	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais considerados no anexo III, parte A, número 15, no anexo IV, parte A, sección II, número 17 e no anexo IV, parte B, número 21.1, declaración oficial de que:</p> <p>a) os vexetais son orixinarios e se cultivaron nun lugar de produción dun país no cal non se detectou a presenza da flavescencia dourada da vide (MLO), ou ben</p> <p>b) os vexetais son orixinarios e se cultivaron nun lugar de produción dunha zona indemne da flavescencia dourada da vide (MLO), consonte a institución nacional responsable da protección vexetal, e de acordo coas normas internacionais pertinentes, ou ben</p> <p>c) os vexetais son orixinarios e se cultivaron na República Checa, Francia (Alsacia, Champaña-Ardenas e Lorena) ou Italia (Basilicata), ou ben</p> <p>d) os vexetais son orixinarios e se cultivaron nun lugar de produción no cal:</p> <p>aa) non se observaron síntomas da flavescencia dourada da vide (MLO) nas cepas de orixe desde o principio dos dous últimos ciclos vexetativos completos, e</p> <p>bb) ou ben</p> <p>i) non se observaron síntomas da flavescencia dourada da vide (MLO) nos vexetais no lugar de produción, ou ben</p> <p>ii) os vexetais foron sometidos a un tratamento de auga quente a unha temperatura de, como mínimo, 50 °C durante 45 minutos para eliminar a presenza da flavescencia dourada da vide (MLO).</p>	CZ, FR (Alsacia, Champaña-Ardenas e Lorena) e IT (Basilicata).

Tres. No anexo V, a sección II da parte A queda modificada como segue:

1. Substitúese o número 1.3 polo texto seguinte:

1.3 Vexetais, excepto froitos e sementes, de *Amelanchier Med.*, *Chaenomeles Lindl.*, *Cotoneaster Ehrh.*, *Crataegus L.*, *Cydonia Mill.*, *Eriobotrya Lindl.*, *Eucalyptus L'Herit.*, *Malus Mill.*, *Mespilus L.*, *Photinia davidiana*

(*Dcne.*) *Cardot*, *Pyracantha Roem.*, *Pyrus L.*, *Sorbus L.* e *Vitis L.*

Catro. O anexo IX queda modificado como segue:

a) Na letra c), no número 01, suprímese «Dinamarca».

b) Na letra d) introdúcese o número seguinte despois do número 3:

4. Flavescencia dourada da vide (MLO).	República Checa, Francia (Alsacia, Champaña-Ardenas e Lorena) e Italia (Basilicata).
----------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de novembro de 2007

Madrid, 24 de setembro de 2007.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.